



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

Dirección Xeral de Conservación da Natureza

San Lázaro s/n
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA

galicia

002073 16.02.12 14:47

SAÍDA

Xosé Lois Rey Muñiz
Sociedade Galega de Historia Natural
Apartado de Correos 303
36600, Vilagarcía de Arousa
Pontevedra

Asunto: Notificación da presenza de *Vespa velutina* nunha localidade próxima á Comunidade Autónoma de Galicia.

Con data de 30/01/2012 recibiuense na Dirección Xeral de Conservación da Natureza un escrito da Sociedade Galega de Historia Natural no que se informa sobre o achádego da avespa asiática *Vespa velutina* en Viana do Castelo (Portugal), a poucos quilómetros da fronteira con Galicia.

Esta especie atópase incluída no Anexo I do Real decreto 1628/2011, do 14 de novembro, polo que se regulan a Lista e o Catálogo español de especies exóticas invasoras. Dito Anexo inclúe as especies exóticas para as cales existe información científica e técnica que indique que constitúen unha ameaza grave para as especies autóctonas, os hábitats ou os ecosistemas, a agronomía ou para os recursos económicos asociados ao uso do patrimonio natural.

Tendo coñecemento dos graves efectos prexudiciais orixinados por esta especie exótica con comportamento invasor sobre os aproveitamentos apícolas noutros países europeos e comunidades autónomas españolas, desde a Dirección Xeral de Conservación da Natureza trasladouse á Dirección Xeral de Producción Agropecuaria á notificación da Sociedade Galega de Historia Natural, ademais dunha compilación de información sobre a especie incluíndo fichas de identificación, o artigo científico onde se dá conta da presenza da especie en Portugal, a avaliación da presenza da especie noutras comunidades autónomas españolas, exemplos de actuacións de xestión en Francia (orixe da invasión en Europa), así como posibles métodos de loita nas distintas etapas do seu ciclo vital.

Por último, infórmolle de que desde a Dirección Xeral de Conservación da Natureza iniciaránse as actuacións necesarias para divulgar a información sobre este bioinvasor entre a gardería, así como para crear un protocolo de detección e alerta de calquera ataque a colmeas ou localización de niños ou raíñas desta especie para a súa pronta eliminación.

Santiago de Compostela, 10 de febreiro de 2012.

O director Xeral de Conservación da Natureza

Ricardo García-Borregón Millán